

ESCRITA Yolanda Castaño, gañadora do premio 'El Ojo Crítico' de RNE, cre que a literatura galega vai sendo cada vez máis valorada fóra do país

"Eu son optimista"

A autora salienta que é a primeira vez que recoñecen con este galardón un libro na nosa lingua

M. Dopico · Santiago

A poeta Yolanda Castaño acaba de acadar un recoñecemento máis á súa obra co Premio *El Ojo Crítico*, outorgado por RNE. A edición bilingüe, en galego e castelán, do seu libro *Profundidade de campo*, editada este ano por Visor, cativou un xurado que valorou a "proposta moral cunha estética de vangarda" e o tratamento de temas como "a construción da identidade ou o libre albedrío" da autora.

Xa gañaras o premio Espiral Maior no 2007 con este mesmo libro.

Si, son premios distintos. No certame do Espiral Maior participei cando este libro estaba inédito. Envíei o manuscrito... Agora, no 2009, Visor publicou a edición bilingüe. Ao premio Ojo Crítico non te presentas: o xurado escolle o que considera mellor dos publicados en todas as linguas do Estado, dun autor ou autora novo. Por iso foi un premio inesperado. En 20 anos que levan concedendo estes premios, é a primeira vez que poñen os ollos nun libro en galego. Está moi ben, e por outra banda xa fa sendo hora de que se fixasen nun libro en galego...

Ti sempre dis que te sentes ben tratada fóra de Galicia. Conseguiras tamén o Premio da Crítica española... Toda a polémica que está a haber arredor das linguas minorizadas, o ataque do que están sendo obxecto por parte do nacionalismo español, está a afectar negativamente á recepción da literatura galega fóra do país?

Hai xa dez anos do Premio da Crítica... Eu creo que a literatura galega se ve cada vez con menos prexuízos. Estamos moi lonxe, por exemplo, da literatura catalá, porque o mercado catalán é máis grande, ten máis infraestruturas... Pero eu son optimista. Creo que o ámbito literario está a salvo deses posicionamentos reaccionarios. Ao contrario, penso que cos anos se lle vai prestando máis atención á literatura nas linguas minorizadas, que están máis presentes, por exemplo, nos foros, nas antoloxías... Aínda que queda moito por facer, claro.

Traduces ti mesma os teus poemarios ao castelán. Non debe ser doado, sen que o libro perda...

Na poesía a tradución é sempre problemática, conflitiva. Pero é un mal necesario, que ás veces tamén supón un exercicio de creatividade interesante. Enfrontarse á tradución a outra lingua pode ser un exercicio estimulante. ■



Yolanda Castaño prepara a segunda entrega de 'Punver' e está tamén co proxecto 'Tender a man'

TRAJECTORIA

"Os estereotipos seguen actuando"

'Profundidade de campo' reflexionaba sobre como nos condiciona a nosa imaxe. É un libro que pertence a un contexto: toda a polémica que se montou arredor da túa propia imaxe pública. Como o ves agora?

Si, é un libro sobre a imaxe que os demais nos devolven de nós mesmos, as aparencias e a verdade... As mulleres estamos aínda máis expostas aos estereotipos, aos prexuízos... Hoxe miro todo aquilo con máis distancia... Pero sigo pensando o mesmo: sobre todo, as mulleres que teñen unha posición pública, son sometidas a xuízos que moitas veces eclipsan o seu traballo.

Aínda que se avance en igualdade, hai unha cultura tradicional que se mantén, moi enraizada, que actúa cunha dobre vara de medir. Por exemplo, os medios de comunicación son os primeiros que ilustran unha noticia cunha foto túa, sexa ou non pertinente. E despois hai quen che reprocha que te aproveitas da túa imaxe. Como se tivese que vestir dun xeito diferente cando vou dar unha conferencia... Eu dou por feito que o público é responsable, e se merca un libro é porque lle interesa. O contrario sería frivolar moito o público.

Acabas de reeditar os teus tres primeiros libros no volume 'Ero-

fania'. Son as obras que te encadraron nunha xeración, unha temática... que hai tempo que deixaches atrás...

Foi unha vontade editorial. Os libros estaban esgotados... e sempre é un luxo que te reediten. Son libros que pertencen a unha etapa na que xa non me recoñezo, peoro da que tampouco me arrepiño. Vexo eses poemarios con distancia, e certa ternura... O feito de que te encadren, pode eclipsar o teu traballo posterior, é certo... Co tempo imos cambiando, e agardo seguir cambiando, pois non sería nada bo quedar sempre na mesma fórmula...

PROXECTOS

"Tento contaxiar a miña paixón"

Como está a ir o teu proxecto Di(n)versos?

É unha idea detrás da que levaba anos, e foi a Concellaría de Cultura da Coruña a porta que finalmente se me abriu... Estou pletórica: no primeiro encontro, de Aute e Lucía Aldao, houbo 300 persoas. É un xeito de que nós coñezamos o de fóra, e fagamos valer o noso.

Sempre buscaches xeitos de divulgar a poesía. Na televisión, na prensa, en recitais que procuran a confluencia da poesía con outras artes...

Sempre tentei contaxiar a miña paixón pola poesía e pola arte, e a miña fe no que se fai en Galicia.

Moitas veces o problema é o descoñecemento ou a invisibilidade do que se fai aquí. Non é falta de talento, de coraxe, de risco...

Que fas agora?

Ando preparando a nova entrega de *Punver*, que é para público infantil. E estou nun proxecto que se chama *Tender a man*, un grupo artístico con dous músicos, unha cantante, a bailarina Branca Novoneyra... Imos estar en Culleredo e en Helsinqui. A idea é tender a man a outras artes, a través dun grupo estable...

Tamén fixeches bastante en asociacionismo: AELG, a revista Valdeleite... Agora parece

que o dos colectivos literarios decaeu...

Si, porque internet cambiou as cousas. Nos poetas novos que faciamos cousas nos 90 había individualismo, no sentido de que cada un buscaba a súa propia voz, pero actuabamos moito colectivamente á hora de difundir o que faciamos, de comunicar. Funcionabamos moito por grupos humanos, de xente que se coñecía... Agora está internet, que abre oportunidades de democratización, de edición, de creación de redes... É diferente. E seguen entidades como a AELG, que tamén fan foros que lle permiten a xente coñecerse...